

**EXTRACTO DE ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE
FEBREIRO DE 2016.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

Non asiste a sesión a Sra. Concelleira D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

1.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

1.1.- Acordouse aprobar as **Bases de selección de persoal laboral temporal para a contratación de 34 traballadores/as dentro da Liña 4. Emprego do Plan de Concellos 2016** de acordo coa subvención concedida pola Deputación de Pontevedra conforme ás Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016, publicadas no BOPPO núm. 233, do 2 de decembro de 2015.

2.- FACTURAS E CONTAS.

2.1.- Acordouse a **aprobación das relacións de facturas n° 00021** por importe de 9.125,47 €, **n° 00023** por importe de 436,34 € e **n° 00024** por importe de 12.515,43 €, e o recoñecemento da obriga por un **importe total de 22.077,24 €**. Así mesmo acordouse proceder a reclamar a Espina & Delfín, S.L, o importe de 436,34 € correspondente a relación n° 00023. Así como requirirlle o cambio de titular nos contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción asinada o 30 de abril de 2015.

3.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

3.1.- Acordouse **recoñecer a obriga** a favor de PORTAS E ACUÑA INMOBILIARIA SL, por importe de 801.556,52 € en concepto de indemnización pola parte imputable ó exercicio 2016.

3.2.- Acordouse **anular a concesión da axuda** de inclusión á persoa solicitante que fora aprobada na acta de data 1 de febreiro de 2016 da Xunta de Goberno Local, por importe total de 300 €.

3.3.- Acordouse **aprobar o informe** relativo á “SITUACIÓN DOS ÁMBITOS DELIMITADOS DE SOLO URBANIZABLE DO P.X.O.M. DE LALÍN EN RELACIÓN CO NOVO TRATAMENTO ESTABLECIDO NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO CATASTRO INMOBILIARIO”, asinado o día 12-02-2016 polo Asesor Urbanístico Municipal e arquitecto redactor do plan xeral de ordenación municipal de Lalín en vigor (PXOM), Javier Bugallo. Tamén se acordou poñer en coñecemento da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra, instándolle á tramitación dos correspondentes procedementos simplificados.

3.4.- Acordouse **aprobar a Memoria/Proxecto**, retribucións e demais documentación do expediente da obra: “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000”, **por importe de 109.253,44 €**, acolléndose á Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG, n° 248, do 30 de decembro de 2015.

4.- CORRECCIÓN DE ERROS.

4.1.- Acordouse a **corrección do erro** detectado na factura núm. ES2016A008433 de data 09-01-2016 da relación recollida na acta da Xunta de Goberno Local de 5 de febreiro de 2016.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

5.1.- Acordouse **conceder autorización municipal** para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo 70 peregrinos (50 alumnos e 20 profesores), para o día 19 de marzo de 2016 saíndo o día seguinte, 20 de marzo de 2016.

5.2.- Acordouse **conceder autorización municipal**, para a instalación dunha mesa informativa o día da celebración da feira do “Cocido do Orgullo” sábado día 5 de marzo de 2016.

5.3.- Acordouse **conceder autorización municipal** para uso do Salón Teatro do Auditorio Municipal para o día 23 de febreiro de 2016, dende as 10:00 horas ás 14:00 horas, para unha charla informativa con titulares de explotacións agrarias e gandeiras para informarles das axudas da PAC (Política Agraria Común).

5.4.- Dáse conta do escrito da **Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, co que achegan copia da Resolución do control arqueolóxico na corta de arborado no Coto do Castro, Losón-Lalín.

5.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para uso dunha aula no Auditorio Municipal dende o luns día 29 de febreiro de 2016 ata o venres día 4 de marzo de 2016, en horario de 16:00 horas ás 21:00 horas, para impartir un curso de Aplicador/Manipulador de Productos Fitosanitarios (nivel básico 25 horas).

5.6.- Acordouse **autorizar a obtención de copia** de expediente de apremio realizado a PROMOLALIN, S.L, da Área de Reparto, AR-7, Lalín.
